*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas. Propónse que o alumno sepa manexar as principais aportacións/Teses de opinión da doutrina para saber inferir esas aportacións á comprensión temática da materia O Turismo no Mundo Actual.
Traballo tutelado	Serán utilizados para complementar os contidos teóricos con exercicios de tipo práctico. Formulación e resolución de diversos materiais de temática turística, exercicios prácticos e audiovisuais para ser traballados na aula.
Seminario	Orientación do alumno na realización do seu traballo autónomo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e a organización do traballo de grupo. Tutelarase as prácticas aos GP e avaliarase a realización das prácticas explicadas oportunamente. Faceranse as exposicións dos traballos académicos de investigación nos GP ante o aulario e o profesor
Saídas de estudo	A visita e saída de campo planificada para coñecer directamente espazos urbanos ou espazos naturais protexidos de interese turístico ten como obxectivo a observación da realidade e recollida de información por parte do alumno. Ademais, posibilitará o estudo de recoñecemento territorial para poder comprender a análise de campo e a planificación estratéxica do territorio obxectivo de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo	Planificar e programar as oportunas actividades e transmitir nas saídas académicas de estudo para fomentar un coñecemento temático-territorial dos recursos turísticos habidos e comprender a súa tipoloxía, sensibilidade territorial, potencialidades de desenvolvemento, políticas de posta en valor, etc. Proporase a participación e enriquecemento do alumno na saída académica a base de fomentar a súa intervención sobre as temáticas a explicar.
Seminario	Planificar e programar as diferentes sesións académicas para GG; GM, GP. Así, atenderase ao alumnado que solicite tutoría sobre a materia teórica-práctica a impartir. Por tanto, a atención será tanto individualizada ao alumnado como en formato grupal para cada grupo de traballo que precise atención tutorizada.
Traballo tutelado	Programar un modelo de realización do traballo grupal e expoñerase nas clases GM. Posteriormente o alumnado realizará unha estrutura lóxica do traballo e acadará a información oportuna. Para iso, ensinarase a empregar ferramentas como SIG, SITGA, Base de datos do INE, IGE, etc. Preténdese aquí que se familiarice co acceso as fontes de información e que sepa acceder aos datos estatísticos e xeográficos das diferentes plataformas de documentación estatística e xeográfica.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dun exame final teórico-práctico. Constará de dous partes: unha primeira parte referida aos contidos desenvolvidos nas clases teóricas da materia e unha segunda parte consistente nun exercicio práctico de características parecidas aos realizados nas clases prácticas. A cualificación da parte teórica suporá o 30% da cualificación final. A parte práctica o 20% da cualificación final. Deberase alcanzar unha puntuación de cinco (5) sobre dez puntos para poder facer o cómputo global de todas as actividades. Valoraranse os seguintes aspectos: - Con respecto á proba de teoría: estudo e asimilación dos contidos teóricos da materia, capacidade de síntese e capacidade de organización das ideas, precisión e claridade expositiva. - Con respecto ao exercicio práctico: capacidade de reflexión, de interrelación de contidos prácticos e teóricos, de sínteses e de organización de ideas, así como o nivel de actitude crítica do alumno.	65	CB1 CB3 CB4 CB5 CG3 CG5 CG9 CE1 CE3 CE4 CT1 CT2

Traballo	Elaboración e entrega dun traballo realizado en grupo fose da aula. Consistirá na avaliación turística dunha comarca ou localidade, de acordo a un guiión preestablecido. Valoraranse os seguintes aspectos: - a capacidade de planificación e organización do traballo en grupo, a capacidade de análise, de interpretación e de síntese da información seleccionada, a actitude crítica, etc.	25	CB1 CB2 CB3 CB4	CG1 CG6 CG7 CG8 CG9	CE1 CE3 CE4 CE9 CE10	CT2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Como actividade académica complementaria realizarase unha visita a un espazo urbano de interese turístico polo seu carácter patrimonial. Ten como obxectivo a observación da realidade vinculada aos contidos explicados en clase. O alumno entregará unha breve memoria referida aos aspectos traballados na devandita visita.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CG7 CG8 CG9	CE1 CE3 CE4 CE10	CT2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partir das competencias adquiridas. Para iso, terase en conta as actividades a avaliar nos GM e nos GP, así como a proposta de Examen Parcial de Novembro e o Examen Final da convocatoria ordinaria de Xaneiro. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos ao profesor/a da materia. Para acadar a avaliación positiva deberase superar os traballos prácticos, as prácticas obrigatorias da materia e os exámenes de desenvolvemento planificados no cronograma.

Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios:

- a) Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 65% da cualificación final.
- b) Realización dun traballo bibliográfico que suporá o 35% da cualificación final.
- c) O traballo práctico entregarase preceptivamente na data sinalada polo profesor: data da convocatoria de Xaneiro e data para a convocatoria de Xullo.

Segunda convocatoria:

Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo de grupo, visita e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo bibliográfico en relación co temario da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ANTON CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, A **PROPÓSITO DEL TURISMO. LA CONSTRUCCIÓN SOCIAL DEL ESPACIO TURÍSTICO**, Editorial UOC, 2008

LOZATO GIOTART, J. P., **GEOGRAFÍA DEL TURISMO. DEL ESPACIO CONTEMPLADO AL ESPACIO CONSUMIDO**, Masson, 1991

VERA REBOLLO, J.F (Coord.) et al., **ANÁLISIS TERRITORIAL DEL TURISMO**, Ariel, 1997

Bibliografía Complementaria

ÁVILA, R. et al., **TURISMO SOSTENIBLE**, IEPALA, 2002

BARRADO, D. A. e CALABUIG, J. (Eds.), **GEOGRAFÍA MUNDIAL DEL TURISMO**, Síntesis, 2001

BURTON, R., **TRAVEL GEOGRAPHY**, Pitman Group, 1997

CALLIZO SONEIRO, J., **APROXIMACIÓN A LA GEOGRAFÍA DEL TURISMO**, Síntesis, 1991

CAZES, G., **FONDEMENTS POUR UNE GÉOGRAPHIE DU TOURISME ET DES LOISIRS**, Breal, 1992

CRESPI, M. e PLANELLS, M., **DESTINOS TURÍSTICOS**, Síntesis, 2011

DE LA CALLE VAQUERO, M., **LA CIUDAD HISTÓRICA COMO DESTINO TURÍSTICO**, Ariel, 2002

DUHAMEL, PH. e KNAFOU, R., **MONDES URBAINS DU TOURISME**, Belin, 2007

FERNÁNDEZ FUSTER, L., **GEOGRAFÍA GENERAL DEL TURISMO DE MASAS**, Alianza, 1991

HERNÁNDEZ LUIS, J. A., **EL TURISMO DE MASAS: EVOLUCIÓN Y PERSPECTIVAS**, Síntesis, 2008

HOERNER, J. M., **GÉOPOLITIQUE DU TOURISME**, Armand Colin, 2008

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Recursos territoriais/O04G240V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía: Socioloxía do turismo/O04G240V01105

Outros comentarios

A materia O Turismo no Mundo Actual deberá facilitarlle ao discente a comprensión da conxuntura turística a escala internacional para coñecer o comportamento da demanda turística e os destinos elixidos pola mesma.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

1. Aproximación xeral á natureza do turismo. O turismo como sistema.

1.1. O turismo na doutrina e a súa evolución temática.

1.2. A realidade territorial e o turismo.

2. O desenvolvemento histórico e xeográfico do turismo.

2.1. As aportacións da doutrina á materia turística.

2.2. A realidade territorial e os usos do solo turísticos.

2.3. Os factores que inciden no desenvolvemento do turismo.

3. Elementos e factores de localización e desenvolvemento turístico: as súas implicacións no territorio.

3.1. A participación do turismo no eido territorial e os seus elementos dinamizadores nunha realidade cambiante.

3.2. A planificación do territorial en materia turística.

3.3. Os axentes dinamizadores do turismo.

4. A dimensión espacial da actividade turística a escala global: principais centros emisores, destinos receptores, principais fluxos turísticos, evolución recente do turismo internacional, perspectivas de futuro.

4.1. A actividade turística no eido xeográfico global.

4.2. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas emisoras de turismo.

4.3. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas receptoras do turismo. Factores que inflúen na súa elección.

4.4. A incidencia internacional de factores socioeconómicos e sociopolíticos nos fluxos turísticos.

5. Os espazos dinamizados polo turismo.

Procesos e formas de organización do espazo resultante do turismo.

5.1. Os usos do solo e a actividade turística.

5.2. A ordenación do territorio.

5.3. A planificación indicativa en materia turística.

6. Turismo e cambios territoriais, ambientais, económicos e socioculturais.

6.1. A transformación dos usos do solo xenerados polo turismo.

6.2. Os impactos positivos e negativos do turismo.

6.3. As variables que contribúen a dinamización territorial do turismo.

7. Fontes de información documentais, cartográficas e estatísticas relacionadas coa temática turística.

7.1. O manexo das fontes estadísticas en materia turística.

7.2. O emprego do SIG para o estudo do turismo no eido territorial.

7.3. A definición dunha planificación estratéxica sobre a materia turística dun destino.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Socioloxía: Socioloxía do turismo				
Materia	Socioloxía: Socioloxía do turismo			
Código	O04G240V01105			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Saco Álvarez, Alberto			
Profesorado	Casado Neira, David Saco Álvarez, Alberto			
Correo-e	adasa@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/adasa			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é posibilitar que o alumno desenvolva os coñecementos teóricos necesarios para permitirlle unha comprensión reflexiva da sociedade da información e a comunicación, as súas interrelacións e importancia na sociedade actual.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CE4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
CE10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
CT1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
CT2	Compromiso ético
CT3	Creatividade
CT4	Iniciativa empresarial
CT5	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecer e comprender a importancia da socioloxía no turismo como fenómeno de masas na sociedade actual.	CB1	CE4 CE10	CT3 CT4	
Identificar os problemas no ámbito turístico co obxectivo de lograr unha mellora na calidade dos diversos servizos turísticos.	CB3	CG5 CG6 CG8	CT3 CT4 CT5	
Reunir os coñecementos necesarios para comprender o impacto ambiental do fenómeno turístico.	CB1 CB2 CB5	CG6 CG8 CE10	CT1 CT2 CT5	
Asumir unha responsabilidade social e ética cos impactos do turismo nas sociedades receptoras.	CB2 CB3	CE10	CT1 CT2	
Reunir as capacidades necesarias que permitan defender e debater argumentos relacionados cos impactos turísticos tanto de forma oral como escrita.	CB4	CG5 CG8 CE4 CE10	CT1 CT4 CT5	

Contidos

Tema	
------	--

I.- Sociología y Turismo	1.1.- Sociología: objeto y método. Relación con otras disciplinas. Tipos y aplicaciones. 1.2.- El fenómeno turístico y su interpretación sociológica
II.- Sociología General	2.1.- Teorías clásicas y contemporáneas 2.2.- Temas tratados por la Sociología
III.- Sociodemografía del Turismo	3.1.- Fuentes 3.2.- Lugares de destino: tipos y caracterización (global vs. local) 3.3.- Caracterización de la demanda turística: tipos y flujos
IV.- Últimas tendencias y efectos del Turismo	4.1.- El turismo emergente en la sociedad de la información 4.2.- Turismo y desarrollo global 4.3.- Turismo y desarrollo local 4.4.- Turismo y acción social

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	17	0	17
Lección maxistral	35	0	35
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	30	31
Presentación	25	0	25
Traballo	25	17	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	MONOGRAFÍA SOBRE POTENCIAL TURÍSTICO DUNHA ZONA A ESCOLLER
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Tutorización e orientación personalizada e grupal ao alumnado
Probos	Descrición
Presentación	Correccións e/ou debates sobre a materia exposta polo alumnado

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame liberatorio final tipo test de 20 preguntas con catro opcións. 0,5 por resposta correcta, -0,15 por resposta errada.	40	CB1 CG5 CE4 CT1 CB2 CG6 CE10 CT2 CB3 CG8 CT3 CB4 CT4 CB5 CT5
Presentación	Exposición de temas.	30	CB1 CG5 CT2 CB2 CG8 CT4
Traballo	Monografía sobre o potencial turístico dun Concello a elixir	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A descrición desta guía está pensada para a modalidade presencial (asistencia ao 75% das clases como mínimo). O alumnado que non acudan a clase, terán opción a un examen final sobre os contidos do temario da materia (70% da cualificación). Realizarase a mesma proba na segunda edición de actas (xullo). As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2018-2019. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALVAREZ SOUSA, P., **SOCIOLOGÍA DEL OCIO Y DEL TURISMO**, 2009,

MAZÓN, TOMAS, **SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2001,

RUBIO GIL, A, **SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2003,

LAZOVSKY, O., SACO, A., **DESPOBLACIÓN, TURISMO Y DESARROLLO RURAL EN EL INTERIOR DE GALICIA**, 2015,

Bibliografía Complementaria

AMAT LLOMBART, P, **CURSO DE SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2004,

GOLDSTONE, P, **TURISMO. MAS ALLÁ DEL OCIO Y DEL NEGOCIO**, 2003,
GONZÁLEZ, J.J., **TRES DÉCADAS DE CAMBIO SOCIAL EN ESPAÑA**, 2006,
LUCAS MARÍN, A., **LA REALIDAD SOCIAL. TRANSFORMACIONES RECIENTES EN ESPAÑA**, 2010,
SANTANA, M., **MANUAL DE SOCIOLOGÍA DEL OCIO TURÍSTICO**, 2009,

Recomendacións

Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real, ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, achegárase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Plan de Continxencias

Descrición

= Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas

* Metodoloxías docentes que se modifican

Ningunha

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Información dispoñible ao longo do curso

* Outras modificacións

Non hai modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

Non hai modificacións

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

Non hai modificacións

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

Non hai modificacións

* Novas probas

Non hai modificacións

* Información adicional

No caso de activarse a actividade docente non presencial, esta impartirase mediante Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito: Lexislación turística				
Materia	Dereito: Lexislación turística			
Código	O04G240V01201			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado Dereito público especial			
Coordinador/a	Couto Calviño, Roberto González Gil, Eduardo			
Profesorado	Constenla Vega, Javier Couto Calviño, Roberto González Gil, Eduardo Menor Conde, Sara			
Correo-e	rcouto@uvigo.es egongil@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	A asignatura Lexislación Turística constitúe unha materia cuxa responsabilidade docente está atribuída actualmente a tres áreas de coñecemento: Dereito Mercantil, Dereito do traballo e Dereito financeiro e tributario. O Dereito Mercantil estuda a regulación da actividade económica constitutiva da empresa; o Dereito laboral, a relación individual e colectiva de traballo; o Dereito tributario, a ordenación xurídica dos tributos. Por iso, o temario divídese en tres grandes bloques de contidos. O primeiro aborda os aspectos básicos da lexislación e contratación mercantil aplicada ao turismo. O segundo céntrase na ordenación das relacións laborais no sector turístico. O terceiro afronta as diferentes figuras tributarias que afectan ás empresas e usuarios de servizos turísticos. Deste xeito, proporciónase aos estudantes unha formación académica especializada e á vez útil para o seu futuro profesional, xa que se analiza desde unha tripla perspectiva xurídica o sector do turismo.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CG9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
CG10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
CE1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
CE8	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto do marco legal que regula as actividades turísticas.
CE12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
CE13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.
CT1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
CT2	Compromiso ético
CT4	Iniciativa empresarial

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	CB1	CG8	CE1
	CB2		CE8
			CE12

Comprensión e interpretación das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	CB3 CB4 CB5	CG8 	CE1 CE8 CE12	
Aplicación práctica e manexo das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	CB3 CB4 CB5	CG8 CG9 CG10	CE13	CT1 CT2 CT4
Coñecemento das institucións con competencias vinculadas ao marco xurídico regulador das actividades turísticas.	CB3 CB4 CB5	CG8 CG9	CE12	CT4

Contidos

Tema	
Aspectos xurídico-mercantís do turismo: 1.- Marco normativo privado do turismo. 2.- Turismo e dereito empresarial turístico. 3.- O empresario turístico. 4.- Os usuarios de servizos turísticos. 5.- A contratación mercantil aplicada ao turismo (nocións xerais e clasificación dos contratos turísticos). 6.- Tipos específicos de contratos turísticos. 7.- A contratación electrónica no sector turístico. 8.- A oferta turística complementaria.	1. O Dereito e as súas ramas. O Ordenamento Xurídico e as súas normas. 2. O turismo e a súa regulación. O Dereito empresarial turístico. 3. O estatuto do empresario turístico. O empresario turístico social: tipos sociais básicos. A protección do empresario turístico e da súa actividade no mercado. Incidencia da regulación administrativa sobre o empresario turístico. 4. O turista e o seu estatuto xurídico. Dereitos do turista como consumidor. Dereitos derivados da lexislación sectorial turística 5. Concepto e elementos do contrato en xeral. Os contratos turísticos e as súas características. Clasificación dos contratos turísticos. 6. Contratos relativos ao aloxamento e a explotación dos establecementos hoteleiros. Contrato de aproveitamento por turnos de bens de uso turístico. Contrato de viaxe combinado e paquetes dinámicos. Contratos relativos ao transporte turístico. Contratos de restauración. Outros contratos e servizos turísticos. 7. A Sociedade da Información e o seu impacto na contratación turística. Regulación dos Servizos da Sociedade da Información e comercio electrónico. O empresario turístico como prestador de Servizos da Sociedade da Información. Comunicacións comerciais electrónicas. Particularidades da contratación turística electrónica. Aspectos formais dos contratos turísticos electrónicos. 8. A noción de oferta turística complementaria: breve referencia (remisión ás figuras contractuais básicas).
Ordenación das relacións laborais no sector turístico: 1.- Traballadores por conta allea: concepto. 2.- Contrato de traballo. 3.- Modalidades de contratación. 4.- Colocación e fomento do emprego. 5.- Tempo de traballo (especial referencia a xornadas especiais). 6.- Retribución no sector turístico. 7.- Suspensións e extincións. 8.- Prevención de riscos laborais.	1: Notas características: dependencia, conta allea, voluntariedade, carácter persoal 2: Concepto, elementos subxectivos e obxectivos 3: Contratación indefinida, temporal estrutural, contratos formativos, contratos de fomento de emprego. 4: Servizos públicos de emprego e axencias de colocación. Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións. 5: Xornada de traballo ordinaria e máxima. Tempo de descanso e tempo e traballo. Xornadas especiais e horas extraordinarias. 6: As retribucións no sector turístico. 7: concepto e efectos. Clases de suspensión. A extinción: concepto, causas. Clases de extinción. O despedimento
Réxime tributario do sector turístico: 1.- Clasificación e elementos esenciais das categorías tributarias. 2.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (I): Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades. 3.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (II): Imposto sobre o valor engadido. 4.- Outros tributos que inciden no sector turístico.	1. O tributo. Características e clases. 2. Obligados tributarios 3. Elementos do tributo: 4. Feito imponible 5. Exencións e non suxección 6. Base imponible e tipo de gravame 7. A débeda tributaria 8. Concepto e modos de extinción da débeda tributaria 9. Tributos que inciden sobre a actividade turística 10. Imposto sobre a renda das persoas físicas 11. Imposto sobre sociedades 12. Imposto sobre o valor engadido

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	30	40
Presentación	8	24	32
Seminario	5	10	15
Lección maxistral	42	0	42
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	32	33

Resolución de problemas e/ou exercicios	1	32	33
Exame de preguntas obxectivas	1	29	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e/ou debate na aula dos supostos, problemas ou exercicios que se formulen.
Presentación	Exposición oral e/ou presentación escrita por parte dun alumno, ou grupo de alumnos, dun tema proposto.
Seminario	Atenderanse e resolverán dúbidas do alumno na aula respecto dos contidos da materia ou actividades que se propuxesen para adquirir as competencias perseguidas.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve sobre a base dos coñecementos que teñen sobre a materia. Poden incluír preguntas de tipo test.	60	CB1 CG8 CE1 CT2 CB2 CG9 CE8 CB3 CE13 CB4 CB5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas nas que os alumnos deben solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios, realizar probas tipo test, realizar e/ou expor un traballo sobre un tema determinado nun tempo/condicións establecido/as polo profesor, etc.	40	CB1 CG8 CE12 CT1 CB2 CG9 CT2 CB3 CG10 CT4 CB4 CB5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-2021. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Primeira oportunidade de exame:

- 1.- Ao comezo de o curso, o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, os profesores da materia proporcionaránlle un documento que o/a alumno/a deberá cubrir e asinar nun determinado prazo.
- 2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua, entregando o documento sinalado, será evaluado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba (distintas probas ao longo do curso -40% da cualificación- e proba final obxectiva -60%-); non terá dereito a ser evaluado mediante un exame final que represente o 100% da cualificación da materia.
- 3.- O/a alumno/a que non firme devandito documento non terá dereito a ser evaluado de acordo cun sistema de avaliación continua. Se lle evaluará mediante unha proba final obxectiva que representará o 100% da súa cualificación final.

Segunda oportunidade de exame:

No exame de xullo só se realizará unha proba final obxectiva. Aos alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua conservaráselles a nota do devandito sistema; isto é, se o/a alumno/a non aprobouse a materia na primeira oportunidade de exame, conservaráselle a nota do proceso de avaliación continua para xullo. Se non aprobouse a materia nos dous citados exames do curso académico, tería obrigatoriamente que someterse de novo a todo o proceso de avaliación.

Exame fin de carreira:

Para o exame de fin de carreira non se conservará en ningún caso a cualificación de avaliación continua si obtívose algunha en cursos anteriores. O exame consistirá nunha proba final obxectiva que representará o 100% da cualificación final.

As competencias avaliadas e os resultados da aprendizaxe serán os mesmos para todo o alumnado, acollido ou non ao sistema de avaliación continua, ou suxeito a avaliación en exame de fin de carreira.

NOTA MOI IMPORTANTE: Todas as avaliacións e os distintos exames dividiranse en tres partes, relativas a cada un dos bloques temáticos da asignatura. A nota final será a que resulte da suma (ponderada) das tres, pero non se aprobará a asignatura se non se obtén unha puntuación mínima de 3 en cada parte dos exames. Ademais, dado que os créditos de docencia atribuídos a cada un dos tres bloques temáticos é diferente, tamén o será o peso da cualificación obtida en cada un deles respecto da cualificación final. Así, os aspectos xurídico-mercantís do turismo teñen atribuídos 4 dos 9 créditos totais da materia, de modo que a cualificación obtida neste bloque representará o 44,44% da nota final. A ordenación das relacións laborais no sector turístico ten asignados tres créditos dos 9 totais de a materia, polo que a cualificación obtida neste bloque temático representará un 33,33% da nota final. Para rematar, o réxime tributario do sector turístico ten atribuídos 2 dos 9 créditos totais da materia, así que a cualificación obtida neste terceiro bloque representará o 22,23% da nota final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AURIOLES MARTÍN, A. J., **Introducción al Derecho Turístico: Derecho privado del turismo**, Tecnos, 2005

CUESTA RUTE, J. M. de la, **Derecho Mercantil para grados no jurídicos**, Última edición, Huygens,

FRANCH FLUXÀ, J. (dir.), **Manual de contratación turística**, 2ª, Atelier, 2019

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J.M., **Curso básico de Derecho del Trabajo para Titulaciones no Jurídicas**, Última edición, Tirant lo Blanch,

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario**, Última edición, Marcial Pons,

MERINO JARA, I.(DIRECTOR), **Derecho tributario. Parte especial. Lecciones adaptadas al EEES**, Última edición, Tecnos, 2017

Bibliografía Complementaria

DÍAZ ALABART, Silvia, **Manual de Derecho Privado del Turismo**, Reus, 2017

ORTEGA BURGOS, E. (dir.), **Manual de Derecho Privado del Turismo**, Dykinson, 2019

MARTÍN VALVERDE, A., **Derecho del Trabajo**, Última edición, Tecnos,

LASARTE, J.; ADAME, F.; MARTÍN, J.; RAMOS, J., **La financiación de los municipios turísticos**, Comares, 2003

RUIZ GARIJO, M., **Fiscalidad de la empresa turística**, Editoriales de Derecho Reunidas, 2002

TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; MARTÍN DÉGANO, I.; RUIZ GARIJO, M., **Especialidades fiscales del turismo**, UNED, 2004

CRUZ VILLALÓN, J., **Compendio de Derecho del Trabajo**, Última edición, Tecnos,

ROCA, Y.; CEBALLOS, M.; PÉREZ, R., **Código de Turismo**, Última edición, Aranzadi-Thompson,

Código Civil, Última edición,

Código de Comercio y leyes complementarias, Última edición,

Legislación laboral, Última edición, Aranzadi, Tecnos, Civitas, etc., 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fiscalidade de empresas turísticas/O04G240V01601

Dereito turístico laboral e internacional/O04G240V01906

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial.

As presentes medidas excepcionais procuran exclusivamente a adaptación a unha eventual situación de non presencialidade, total ou parcial, mediante un tránsito doado e manténdose, xa que logo, en todo o non previsto expresamente nas mesmas, os demais aspectos referidos, con carácter xeral, na Guía Docente.

* Metodoloxías docentes:

A impartición da docencia será mediante o Campus Remoto e tamén se fará uso da plataforma de teledocencia que a Universidade poña a disposición, a través da que se lle facilitarán ao alumnado os diversos materiais, tanto de carácter teórico como práctico, así como as pautas precisas para o estudo ordenado e autónomo dos contidos docentes preceptivos, debidamente adaptados.

Polo tanto, como metodoloxías docentes seguiranse utilizando a clase maxistral e o seminario, se ben se adaptarán ao escenario de non presencialidade ou semipresencialidade. En concreto, a súa aplicación farase efectiva a través das aulas

virtuais da Universidade co reforzo ou apoio complementario da súa plataforma de teledocencia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

As sesións de titorización realizaranse de forma telemática, fundamentalmente, a través do correo electrónico ou do Despacho Virtual do profesorado, baixo a modalidade de concertación previa.

*Avaliación:

Os exercicios prácticos a realizar polo alumnado suxeito a avaliación continua durante o periodo de docencia, ou as probas de avaliación final, nas datas establecidas, levaranse a cabo a través da plataforma de teledocencia que a Universidade poña a disposición.

As probas de avaliación final a realizar por todo o alumnado serán tipo test.

De ser necesario, a anotación na lista para suxeitarse ao sistema de avaliación continua, tamén se fará telemáticamente.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II**

Materia	Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II			
Código	O04G240V01202			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Rivero Fernández, M ^a Dolores López-Valeiras Sampedro, Ernesto			
Profesorado	López-Valeiras Sampedro, Ernesto Rivero Fernández, M ^a Dolores			
Correo-e	mrivero@uvigo.es elvaleiras@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introducir o alumno no análise das contas anuais ca finalidade de que a metodoloxía empregada le permita analizar e interpretar a información presentada polas empresa turísticas.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE7	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto da xestión da información financeira e analítica da empresa turística
CE13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.
CT1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
CT2	Compromiso ético
CT4	Iniciativa empresarial
CT5	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
O estudante debe coñecer os procedementos de elaboración das contas anuais.	CB2 CB3 CB4	CE7	
O estudante debe coñecer as ferramentas e técnicas que permitan analizar a información proporcionada polas contas anuais	CB2 CB3 CB4	CE13	CT1 CT2 CT5
O alumno debe ser capaz de determinar os custes nunha empresa turística	CB1 CB5		CT2 CT4

Contidos

Tema	
1. A comunicación da información contable.	.
2. A análise da información contable-financeira.	.
3. A análise dos resultados.	.
4. Determinación de custos nas empresas turísticas.	.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	22.5	42	64.5
Seminario	3	0	3
Lección maxistral	21.5	0	21.5
Exame de preguntas obxectivas	1	40	41
Traballo	0	20	20
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Estudo de casos	Estudo e análise de casos reais.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Exposición de forma clara e concisa dos contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	estudo de casos reais

Avaliación					
	Descrición	Cualificación		Competencias Avaliadas	
Exame de preguntas obxectivas	Selección dunha resposta entre un número limitado delas.	60	CB4	CE7 CE13	
Traballo	Presentación dos traballos polos diferentes grupos configurados para tal fin.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE7 CE13	CT1 CT2 CT4 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas instancias de avaliación: a asistencia e participación nos seminarios-traballos da aula e o exame final. A primeira parte correspóndese co 40% da avaliación total da materia e o 60% restante co exame final.

O exame final constará de 20 preguntas tipo test a través das cales o alumno porá de manifesto os coñecementos adquiridos ao longo do curso.

Segunda convocatoria: se reserva a nota da avaliación continua e realizarase un exame tipo test.

Constará de dous partes, unha teórica e outra práctica. É imprescindible superar cada unha delas para aprobar a materia.

Alumnos que non seguen avaliación continua: Exame final de toda a materia que representa o 100% da nota. O exame constará de dous partes: unha parte teórica e outra práctica.

Esta guía é orientativa e esta suxeita a modificacións se ao longo do curso estímanse necesarias.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2018-2019. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información	
Bibliografía Básica	
O'Donoghue, D.	Financial accounting for the hospitality, tourism, leisure and event sectors , Orpen Press, 2015
O'Donoghue, D.	Management Accounting for the Hospitality, Tourism and Retail Sectors , Blackhall, 2006
Bibliografía Complementaria	
WANDEN-BERGHE, J.L.	Introducción a la Contabilidad , Pirámide,
DEL CAMPO MORENO, P.	Contabilidad Financiera , Ediciones Académicas,
SEGOVIA SAN JUAN, A.	Contabilidad General , Ediciones Académicas,
SEGOVIA SAN JUAN, A.	Contabilidad Básica , Editorial Ramón Areces,
Garrido Miralles, P.; Iñiguez Sanchez R.	Análisis de estados contables , Pirámide,

Camacho-Miñano, M.; Akpinar, M.; Rivero-Menéndez, M.J.; Urquía-Grances, E. and Eskola, A., **Beyond Figures:**

Introduction to Financial Accounting: European Financial Accounting Manual, Pirámide, 2012

Atkinson, H., Berry, A., & Jarvis, R., **Business accounting for hospitality and tourism**, Chapman & Hall, 1995

Jones et al., **Strategic managerial accounting : hospitality, tourism and events applications**, Goodfellow, 2012

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II/O04G240V01203

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I/O04G240V01101

Outros comentarios

Requírense coñecementos informáticos a nivel de usuario, fundamentalmente un procesador de textos e manexo de folla de cálculo. Manexo de internet para a busca de información e bases de datos.

Nota: esta guía docente anticipa as liñas de actuación para o desenvolvemento desta materia, e concíbese de forma flexible, en consecuencia, pode requirir axustes ao longo do curso académico. Achegaráselle ao alumno a información e pautas que sexan necesarias en cada momento ao longo do curso académico.

Plan de Continxencias

Descrición

Por causas derivadas de situacións vinculadas con posibles restricións por causas sanitarias ou similares, esta guía contempla as modificacións para os seguintes escenarios

MODALIDADE MIXTA

- As clases serán impartidas presencialmente e de forma online a través de Campus Remoto e co apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respetarase a metodoloxía e avaliación recollida nesta guía.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

- As clases serán impartidas de forma presencial a través de Campus Remoto e co apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respetarase a metodoloxía e avaliación recollida nesta guía utilizando as ferramentas existentes.

TUTORIAS

As tutorías, en modalidade non presencial, realizaranse a través de correo electrónico ou en remoto.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II**

Materia	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II			
Código	004G240V01203			
Titulación	Grao en Turismo			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Gil Pereiras, María del Carmen			
Profesorado	Gil Pereiras, María del Carmen			
Correo-e	carmengil@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Comprensión dos conceptos relacionados coa Administración de Empresas, Planificación, Organización, Xestión e Control e súa aplicación a decisións reais. Natureza, contidos e finalidade do traballo dun directivo.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
CG3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CE1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
CE5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas
CE10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
CE11	Identificar os procesos operativos en empresas turísticas.
CE12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
CE13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.
CT1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
CT3	Creatividade
CT4	Iniciativa empresarial

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Obter os coñecementos necesarios que lle capaciten para a Xestión Estratéxica (estratexia, produción e aprovisionamento) e Xestión financeira da Empresa Turística	CB1	CE1 CE5

Identificar os valores, recursos e capacidades da empresa que permitan a creación de ventaxas sostibles				CE1 CE5 CE10 CE11 CE12 CE13
Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos	CB2	CG3		CE10 CE11 CE12 CE13
Utilizar os TICs necesarias para o manexo e obtención de datos relevantes para a toma de decisións	CB3	CG1		
Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico.	CB4 CB5	CG5 CG6 CG7 CG8		CT1 CT3 CT4

Contidos

Tema	
PARTE I: A XESTIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS: ESTRATEXIA, PRODUCCIÓN E APROVISIONAMENTO.	TEMA 1: A XESTIÓN ESTRATÉXICA DA EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 2: A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 3: A XESTIÓN DO APROVISIONAMENTO NA EMPRESA TURÍSTICA .
PARTE II: XESTIÓN FINANCEIRA DAS EMPRESAS TURÍSTICAS	TEMA 4: MÉTODOS DE ANÁLISE E SELECCIÓN DE INVESTIMENTOS. APLICACIÓN Á EMPRESA TURÍSTICA. TEMA 5: FONTES FINANCEIRAS NAS EMPRESAS TURÍSTICAS.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	15	41
Resolución de problemas	15	15	30
Estudo de casos	3	3	6
Exame de preguntas obxectivas	4	69	73

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Supervisión e atención ao proceso de adquisición das competencias da materia A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías e na aula) como non presenciais (consultas vía e-mail)
Estudo de casos	Atención personalizada, co fin de resolver dúbidas tanto a través de actividades presenciais (titorías e na aula) como non presenciais (consultas vía e-mail)

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	20	CB2 CG1 CE1 CT1 CB3 CG3 CE5 CT3 CB4 CG5 CE11 CT4 CG7 CE13 CG8

Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	10	CB2 CB4	CG3 CG5	CE10 CE11 CE12 CE13	CT1 CT3 CT4
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	70	CB2 CB3	CG3 CG5 CG8	CE1 CE5 CE11 CE13	CT1 CT3 CT4

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: A realización das actividades dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballo en grupo, etc. Estas probas de avaliación continua estarán dirixidas a avaliar as actividades desenvolvidas polas alumnas e alumnos nas sesións presenciais nas que se valorará a correcta realización das tarefas encomendadas, que poden incluír a resolución de cuestionarios, estudos de caso, traballos individuais ou en grupo, realización e exposición oral de traballos dalgúns temas acordado coas profesoras. Neste bloque presencial tense en conta a participación do alumnado.

- Enténdese que os estudantes que teñan algunha cualificación nalgunha das actividades obxecto de avaliación seguen a avaliación continua e optan, por tanto, por este sistema de avaliación.

- Contémplase a realización de dous exames parciais da materia, o que se anunciaría nas clases e a través da ferramenta fatic. Os exames parciais constan de dúas partes teoría e práctica, e deben aprobarse as dúas partes para eliminar a materia correspondente cunha nota mínima de 5 puntos.

- As características concretas do exame final, tanto na avaliación continua como na non continua, serán detalladas por parte das profesoras da materia (na clase e a través da plataforma Tema) con anticipación o mesmo.

- Os estudantes para aprobar a materia deben obter unha nota igual ou superior a 5 puntos, sendo obrigatorio en tódolos casos superar o exame final ou os parciais.

- As notas das actividades de avaliación continua gardanse ata a 2ª convocatoria oficial de xullo.

- En todos os exames será obrigatorio identificarse de forma oficial (DNI, pasaporte) e esta prohibido o uso de dispositivos móbiles, smartphone ou calquera outro dispositivo electrónico, mesmo cando estén apagado ou en repouso. Incumprir estas dúas condicións invalida a convocatoria para o cal este concorrendo.

- Datas e horarios de probas de avaliación de diferentes chamadas especifícanse no programa de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-2021.. No caso de conflito ou disparidade entre as datas das probas prevalecerán as sinaladas na web da FCETOU.

AVALIACIÓN NON CONTINUA: Exame final que incluírá contidos teóricos e /ou prácticos mediante preguntas que poden ser tipo test, curtas, de desenvolvemento ou estudos de casos. Consta duha parte teórica que representa o 50% da nota e unha parte práctica que é o outro 50% da nota. e deben superarse as dúas partes. Esta proba é destinada a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 100% da nota e avaliar así tanto os conceptos de materia, como a claridade da exposición e o uso gramatical e ortográfico correcto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Raquel Arguedas y Mª Teresa Nogueras, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas**, Editorial Universitaria Ramón Areces,, 2007

Inmaculada Martín Rojo,, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**, Pirámide,, 2000

Eduardo Parra López; Francisco Calero García,, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**, Ed. McGraw Hill,, 2006

Bibliografía Complementaria

Urbano Medina Hernández, **Gestión financiera de Actividades Turísticas**, Pirámide, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Esta guía contempla modificacións para os posibles escenarios:

MODALIDADE MIXTA

As clases serán impartidas presencialmente e de forma on-line, a través de Campus Remoto e/ou a plataforma Faitic, segundo as directrices establecidas pola UVigo.

A metodoloxía e criterios de avaliación será os recollidos nesta guía.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

No de que non poda haber docencia presencial, realizaránse de modo on-line tanto as clases teóricas como as prácticas, a través de Campus Remoto e da plataforma Faitic, segundo as directrices establecidas pola UVigo.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS:

Metodoloxías que se manteñen:

- Lección maxistral
- EXAME
- Estudo de casos
- Resolución de problemas

Modificación metodoloxía:

- Foro de discusión

ADAPTACIÓN AVALIACIÓN NO CASO DE NON PRESENCIALIDADE:

EXAME: 60%

Foro de discusión: 10%

Estudo de casos:20%

Resolución de problemas:10%

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): A atención ao alumnado realizarase a través de comunicacións por e-mail e por videoconferencia (Campus remoto da UVigo).

Para a realización de videoconferencias será necesario acordar previamente cita entre docente e alumno/a.

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Inglés para turismo				
Materia	Idioma moderno: Inglés para turismo			
Código	004G240V01204			
Titulación	Grao en Turismo			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	de Prada Creo, Elena			
Profesorado	de Prada Creo, Elena			
Correo-e	edeprada@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/edeprada			
Descrición	Intensificación e perfeccionamento da lingua inglesa con especial aplicación ao sector turístico xeral			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
CG4	Dominio do inglés e perfeccionamento e intensificación, como mínimo, dunha segunda lingua estranxeira
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CE14	Desempeñar actividades profesionais en inglés e outras linguas estranxeiras dentro do sector turístico
CE15	Orientación do servizo ao cliente
CT3	Creatividade
CT5	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Descodificar e interpretar mensaxes en inglés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	CB1 CB2 CB3 CB5	CG4 CG6 CG8	CE14 CE15	CT5
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en inglés, sobre diversos temas e experiencias.	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT3 CT5
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT3 CT5
Xestionar a relación cos clientes en inglés, especialmente no ámbito do turismo.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT5

Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG6 CG8	CE14	CT5
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8	CE14	CT3 CT5

Contidos

Tema

1. Money matters	1. Money Matters. Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
2. Reasons for Travelling	2. Reasons for travelling. Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
3. Tourist information	3. Tourist information. Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
4. Nature-based tourism	4. Nature-based tourism. Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
5. Guiding	5. Guiding. Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.

6. Transportation	6. Transportation Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
7. Accommodation	7. Accommodation: Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.
8. Food	8. Food: Expresión oral. Comprensión oral. Vocabulario específico. Gramática. Pronuncia. Lectura. Escritura. Expresións idiomáticas. Simulacións.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	0	28
Actividades introdutorias	7	0	7
Resolución de problemas	32	80	112
Seminario	5	0	5
Traballo	0	20	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	50	53
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos fundamentais do curso tanto teóricos como prácticos.
Actividades introdutorias	Preparación para a materia tanto a nivel gramatical como de léxico. Consolidación das principais funcións comunicativas necesarias para o exercicio profesional no sector turístico.
Resolución de problemas	Práctica a través de exercicios de distinto tipo das diferentes destrezas comunicativas tanto na súa faceta receptiva como produtiva.
Seminario	Traballo personalizado sobre os contidos da materia e as prácticas comunicativas. Atención individualizada para corrección de posibles erros.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Revisión das dudas relacionadas cos contidos do programa e aclaración dos conceptos teóricos que necesiten explicacións adicionais e a sea aplicabilidade contextual práctica.
Seminario	Práctica extensiva das destrezas orais con referencia aos contidos do programa

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Realización de exercicios e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escritura e produción oral e escritura.	50	CB3 CB4 CG4 CG5 CG8

Traballo	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG6 CG7	CE14 CE15	CT3 CT5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso nas principais destrezas comunicativas orais.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG5 CG6 CG7	CE14 CE15	CT3 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS: O alumnado poderase acoller á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2). O alumnado deberá poñer en coñecemento do docente a cal das dúas opcións se acolle. Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis axeitado para a aprendizaxe da materia. Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos. A.1) Avaliación continua Para acollerse á avaliación continua, o alumnado deberá realizar as tarefas que se lle requiran ao longo do curso, tanto nas clases teóricas como nas prácticas, así como realizar tódalas probas de avaliación. Para superar a materia será necesario: 1) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media dos dous exames escritos parciais (40% + 40% da nota final). Cada un dos exames parciais terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). 2) Aprobalo exame oral cunha nota mínima de 5 (20% da nota final da materia). Os exames de avaliación continua non realizados contarán coma un 0 á hora de calculalas medias da avaliación continua. Para a segunda edición das actas (Xullo 2020) conservaranse as partes aprobadas: exame escrito (media do primeiro e segundo parcial) ou exame oral. A.2) Avaliación única O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. A proba única constará das seguintes partes: 1) Exame escrito (80% da nota final da materia), que terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). Para aprobar a materia no exame escrito será necesaria una nota mínima de 5. 2) Exame oral (20% da nota final da materia). Para aprobar a materia, no exame oral haberá que obter unha nota mínima de 5. Os exames de avaliación única non realizados contarán coma un 0 á hora de calcular as medias da avaliación única. A data desta proba de avaliación única da primeira edición das actas será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. Conservaranse as partes aprobadas (exame escrito ou exame oral) para a segunda edición das actas (Xullo 2021). B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (Xullo 2021): O alumnado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo de 2021 mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición das actas: 1) Exame escrito (80% da nota final da materia), que terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). Para aprobar a materia, no exame escrito será necesaria unha nota mínima de 5. 2) Exame oral (20% da nota final da materia). Para aprobar a materia, no exame oral haberá que obter unha nota mínima de 5. Os exames da segunda edición das actas non realizados contarán coma un 0 á hora de calcular as medias. A data desta proba de xullo 2021 será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. De non superar a materia en xullo de 2021, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para datas posteriores.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Strutt, P., **English for International Tourism**, Longman, 2003

De Prada Creo, E., **Contrastive Grammar in Contrast**, T & T, 2013

The Immersion Crew, **Travel, Leisure and Socializing for Spanish Speakers**, T & T, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

Dado que esta materia está integrada no segundo cuatrimestre, recoméndase aos alumnos que durante o primeiro cuatrimestre procuren manterse en contacto coa lingua a través da web, películas e series en versión orixinal etc. Igualmente se o alumno considera que o seu nivel gramatical de inglés non está axeitado a un programa de formación específico, recoméndaselle repasar as principais estruturas gramaticais.

Plan de Continxencias

Descrición

A programación da materia está adaptada ás posibles continxencias que poidan dar lugar a plans mixtos de semi-presencialidade e docencia virtual polo que os contidos e metodoloxía non se verán modificados.

As titorías realizaranse de forma telefónica ou a través do despacho virtual do profesor do campus Remoto.

Todo o material de apoio necesario para facilitar a aprendizaxe incluírase na plataforma de tele-docencia Faitic.

A avaliación realizarase tal e como indica a guía docente sexa de forma presencial ou telemática.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía aplicada ao turismo				
Materia	Economía aplicada ao turismo			
Código	004G240V01301			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Profesorado	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	maxose@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Economía Aplicada ó Turismo é unha materia básica que se imparte no primeiro semestre do Grao en Turismo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales aproximadamente 50 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presencias. A lingua de impartición será o galego. Non obstante, a materia é English Friendly, con titorías e posibilidade de acceder a materias de apoio en inglés para o alumnado que o precise. Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento das técnicas e da área de estudo da Economía Aplicada, con especial fincapé no papel do sector turístico nas economías actuais.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
CG2	Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición
CG3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CG9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
CG10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
CE1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
CE2	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais.
CE10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
CT3	Creatividade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española, e da importancia do sector turístico dentro da mesma.	eCB1 CG1 CB2 CG3 CB3

Acceder ás fontes estatísticas e bibliográfica da Economía Mundial e de España, así como do sector turístico enmarcado no seu contexto económico.		CG1 CG2 CG3 CG7 CG8 CG9 CG10	CE2	
Sintetizar información estatística no ámbito económico e social en Indicadores Económicos relevantes e interpretar indicadores.	CB3 CB4	CG1 CG2 CG3 CG5 CG7 CG8 CG9 CG10	CE2	
Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións.	CB3 CB4 CB5	CG2 CG3 CG5 CG7 CG8 CG9 CG10		CT3
Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistrais.	CB4 CB5	CG3 CG5 CG7	CE1 CE2 CE10	CT3

Contidos

Tema	
Parte I: Introducción	A actividade económica e o crecemento económico. Crecemento e Desenvolvemento. Indicadores do impacto económico e social da actividade económica
Tema 1: Técnicas e instrumentos de avaliación da actividade económica	actividade turística. Principais fontes estatísticas e bibliográficas.
Tema 2: Técnicas e instrumentos económicos de regulación.	Externalidades e fallos de mercado do turismo. Valoración. Instrumentos directos e indirectos de corrección.
Parte II: Economía Mundial e Turismo	Análise do crecemento nos países desenvolvidos. Factores. O mercado turístico internacional.
Tema 3: Os Países Desenvolvidos.	
Tema 4: Os Países en Vías de Desenvolvemento.	Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. Estratexias de crecemento económico. O papel do turismo como oportunidade de crecemento.
Parte III: Economía Española e turismo	Crecemento económico e evolución da Economía Española. O sector turístico na Economía Española. Turismo receptor (FRONTUR), Turismo interno e emisor (FAMILITUR) e Gasto Turístico (EGATUR)
Tema 5: O desenvolvemento económico español.	
Tema 6: O Sector Público en España.	Estructura e funcións do Estado nas economías. Evolución. O papel do Sector Público no desenvolvemento turístico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	11	24	35
Actividades introdutorias	3	6	9
Prácticas con apoio das TIC	8	8	16
Lección maxistral	20	20	40
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24
Estudo de casos	4	10	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Durante o curso, proporase cada aos alumnos un conxunto diverso de exercicios complementarios, que poden incluír problemas de cálculo, análises de casos, lectura de artigos científicos, lectura de artigos de prensa, videos, etc. Estas actividades serán realizadas individualmente ou en grupo, según proceda, e contarán cunha parte non presencial, de traballo autónomo. Este tipo de exercicio require que o estudante teña acceso a Internet, pois será necesario acceder á Plataforma Tema para descargar a información, así como acceder ás Bases de Datos Oficiais.

Actividades introductorias	Nas actividades introductorias, presentarase a materia, os seus contidos e obxectivos, así como a planificación docente e o sistema de avaliación. Poderá realizarse algunha proba de coñecementos previos ou de comprobación da comprensión do sistema por parte do alumnado.
Prácticas con apoio das TIC	Nas prácticas nas aulas de informática o alumnado realizará exercicios e análises de casos nos que o alumnado aprenderá a manexar información estatística coas técnicas de análise máis habituais. Con estas prácticas o alumnado aprenderá a organizar información, sintetizar e depurar datos, construír indicadores, etc. Isto esixirá a realización de cálculos básicos (taxas de variación, números índice, etc.) e a súa representación gráfica.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema. Será labor do docente aportar as ideas centrais e e criterios de organización e interpretación da información necesarios para que o estudante sexa capaz de constestar ás preguntas relevantes. As sesións maxistrais poderán apoiarse en problemas e análises de casos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Asistencia e apoio ó alumnado, tanto de forma presencial como non presencial, para a realización dos problemas e exercicios plantexados para cada tema.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Axuda ó alumnado para resolver dúbidas respecto dos contidos das probas tipo test, así como corrección e revisión posterior das probas (feedback para o alumnado).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Axuda ao alumnado para orientar e resolver dúbidas respecto dos contidos de problemas e exercicios prácticos a realizar.
Estudo de casos	Axuda ó alumnado para plantexar cuestións, orientar na búsqueda de información e resolver dúbidas sobre os estudos de casos a realizar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Exame de preguntas obxectivas	Consistirán na realización de probas sobre os contidos das sesións Maxistrais, Prácticas de Laboratorio, Lecturas, Debates e demais exercicios complementarios propostos.	50	CB1 CB3 CB4 CB5	CG3 CG8	CE1 CE2 CE10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Consistirán na realización de tarefas vencelladas coas prácticas que se indicarán ao longo do curso e que o alumnado deberá realizar de forma autónoma con base aos materiais dispoñibles e os contidos explicados nas clases.	30	CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG5 CG8 CG9 CG10		CT3
Estudo de casos	Consistirán na análise dalgún caso ou problema real baseado nos coñecementos impartidos na materia, que o alumnado deberá redactar, entregar, e se é posible, presentar e defender na aula ou de forma virtual.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG5 CG7 CG8 CG9 CG10	CE1 CE2 CE10	CT3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

A) A avaliación da materia será continua. O alumnado que supere a materia mediante avaliación continua non precisará presentarse ó exame final da materia. É preciso presentarse a todas as probas avaliadas para ter a posibilidade de ser avaliado/a mediante avaliación continua. As actividades avaliadas non entregadas non impiden ser avaliado/a por avaliación continua pero si impiden acceder á nota correspondente a estas entregas.

B) Cando non proceda a avaliación continua (por que o alumno así o teña decidido ou por non ter superado a avaliación continua) realizarase un exame final, que poderá incluír preguntas de tipo test e de resposta curta/problemas sobre o contido das clases maxistrais, das prácticas de aula informática, das lecturas e debates e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%.

O exame correspondente á segunda e posteriores convocatorias seguirá o mesmo modelo que o exame final (opción B).

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin realicen o exame final, figurarán nas actas como non

presentados. O alumnado que suspenda a avaliación continua e non se presenten ó exame final, figurará nas actas como suspenso. O alumnado que aprobe a avaliación continua e desexa subir nota, poderá presentarse ó exame final (nese caso a nota do exame final substituirá a todos os efectos á nota obtida mediante avaliación continua).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-202010. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, 9788491978657, 12ª Edición, Civitas, 2019

Jaime Requeijo González, **Economía Mundial**, 9788448612504, 4ª Edición rev e act, McGraw-Hill, 2017

Magadán Díaz, M. e Rivas García, J., **Estructura, Economía y Política Turística**, 9788492536849, 1ª Edición, Septem, 2012

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Planificación pública do desenvolvemento turístico/O04G240V01604

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Planificación e dirección de espazos turísticos/O04G240V01908

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Introducción á economía/O04G240V01103

Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104

Estatística/O04G240V01402

Outros comentarios

Nesta materia é moi recomendable a asistencia regular ás clases teóricas e prácticas. Trátase dunha materia moi extensa e que trata de perfilar un marco para a comprensión do sector turístico dentro da economía mundial e española. Por tanto, é unha materia básica útil para posteriormente profundizar nos diferentes aspectos do turismo. Recoméndase tamén a participación nas actividades voluntarias propostas, pois ademais de puntuar para a nota final (no caso da avaliación continua), facilitan a reflexión e comprensión de conceptos explicados ao longo do temario.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.

Asimesmo, aportarase ó alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen:

1) Resolución de problemas de forma autónoma.

* Metodoloxías docentes que se modifican:

1) Lección maxistral. En caso de docencia non presencial, esta metodoloxía desenvolverase a través de Campus Virtual con apoio de Faitic.

2) Actividades introductorias. Pasarán a desenvolverse en remoto.

3) Prácticas con apoio das TICs. Esta metodoloxía no poderá desenvolverse en laboratorio informático e levarase a cabo co equipamento persoal do alumnado.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías pasarán a realizarse por medios telemáticos (email, despacho virtual, conversa en faitic, etc.) e serán previamente concertadas por email co profesorado, para facilitar o contacto en previsión de problemas de conciliación e/ou conectividade.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.

O profesorado porá a disposición do alumnado, a través da plataforma faitic, a bibliografía ou materiais necesarios para o reforzo da ensinanza, en caso de pasar a unha modalidade non presencial. Esta bibliografía será específica para cada tema e epígrafe. A bibliografía xeral será a mesma que a especificada para o ensino presencial.

A cantidade e tipoloxía do material docente (audiovisual ou escrito) será a necesaria para garantir que o alumnado non perda ningún tipo de contido, práctica ou competencia.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A avaliación xa foi modificada e deseñada para non ter que se modificada nun escenario de non presencialidade, dando un maior peso ao traballo autónomo do alumnado.

Os enunciados das tarefas, así como os materiais dispoñibles estarán adaptados á nova situación de traballo non presencial en remoto e serán postos a disposición dos estudantes coa suficiente antelación respecto da data límite de entrega.

As probas pasarán a realizarse a través do campus virtual/faitic ou oralmente en caso de problemas de conectividade por parte do alumnado.

* Información adicional

Nas probas de avaliación non presenciais realizarase control de asistencia, para o cal será imprescindible a identificación do alumnado (ensinar DNI e activar cámara).

Nas probas de avaliación non presenciais, en caso de que algún/ha alumno/a anticipe ou teña problemas de conexión, habilitarase como alternativa de avaliación unha proba oral por audio/video (realizada no mesmo día do exame escrito).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Linguas estranxeiras para o turismo IA: Inglés**

Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IA: Inglés			
Código	O04G240V01302			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca			
Profesorado	Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	fanny.llantada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Intensificación e perfeccionamento do idioma inglés, con especial aplicación no sector turístico.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
CG4	Dominio do inglés e perfeccionamento e intensificación, como mínimo, dunha segunda lingua estranxeira
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CE14	Desempeñar actividades profesionais en inglés e outras linguas estranxeiras dentro do sector turístico
CE15	Orientación do servizo ao cliente
CT3	Creatividade
CT5	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Descodificar e interpretar mensaxes en inglés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	CB1 CB2 CB3 CB5	CG4 CG6 CG8	CE14 CE15	CT5
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en inglés, sobre diversos temas e experiencias.	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT3 CT5
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT3 CT5
Xestionar a relación cos clientes en inglés, especialmente no ámbito do turismo.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8	CE14 CE15	CT5

Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG6 CG8	CE14	CT5
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8	CE14	CT3 CT5

Contidos

Tema	
1. Destinations.	1. Destinations. 1.1. Vocabulary: Weather, climate, features and attractions, statistics for economic development. 1.2. Professional skills: offering advice. 1.3. Grammar: Articles.
2. Things to do.	2. Things to do. 2.1. Vocabulary: Describing attractions, geographical features, activities, works of art, calculating entrance fees and prices. 2.2. Professional skills: Speaking to a group. 2.3. Grammar: Conditional structures with if.
3. Accommodation.	3. Accommodation. 3.1. Vocabulary: Types of accommodation, facilities and services. 3.2. Professional skills: Dealing with complaints. 3.3. Grammar: Modal verbs.
4. Running a hotel.	4. Running a hotel. 4.1. Vocabulary: -ed/-ing adjectives, hotel statistics. 4.2. Professional skills: Making presentations. 4.3. Grammar: Have/get something done.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	2.5	10	12.5
Lección maxistral	5	2	7
Resolución de problemas	3.75	15.75	19.5
Actividades introdutorias	1.75	1	2.75
Prácticas de laboratorio	7	18.25	25.25
Seminario	1	4	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Profundización nos contidos dos bloques temáticos complementado co traballo on-line, familiarización cas TICs e desenvolver competencias como o traballo en equipo.
Lección maxistral	Exposición dos contidos fundamentais do curso tanto teóricos como prácticos
Resolución de problemas	Práctica a través de exercicios de distinto tipo nas diferentes destrezas comunicativas tanto na súa faceta receptiva como productiva

Actividades introductorias	Preparación para a asignatura tanto a nivel gramatical como léxico. Consolidación das principais funcións comunicativas necesarias para o exercicio profesional no sector turístico
Prácticas de laboratorio	Práctica contextualizada das diferentes destrezas comunicativas emulando situacións habituais no desenvolvemento da actividade profesional no ámbito do turismo
Seminario	Traballo en profundidade sobre temas específicos do ámbito turístico cun enfoque profesional no que se poidan poñer a proba as competencias a adquirir na materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización dos proxectos da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de realización dos mesmos.
Resolución de problemas	Actividade académica desenvolvida de forma individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas e ou exercicios da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Actividades introductorias	Actividade académica desenvolvida na clase, que ten como finalidade presentar a materia e realizar unhas actividades introductorias, atendendo ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización das prácticas de laboratorio, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización e presentación dun tema	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG6 CG7	CE14 CE15	CT3 CT5
Lección maxistral	Análisis da adquisición de contidos globais presentados nestas sesións	10	CB3 CB4	CG4 CG5 CG8		
Resolución de problemas	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso	10		CG4 CG5	CE14	CT5
Actividades introductorias	Evaluación de competencias comunicativas	5	CB4 CB5			CT5
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios e actividades contextualizadas. Léxico específico	20	CB4	CG7	CE14 CE15	CT3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de exercicios e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita	20		CG1 CG4 CG5 CG8	CE14	CT3 CT5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso nas principais destrezas comunicativas orais	15		CG5 CG6 CG7	CE14 CE15	CT3 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS:

O alumnado poderase acoller á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2). O alumnado deberá pór en coñecemento do docente a cal das dúas opcións se acolle. Aqueles que se acollan á avaliación continua deberán entregar ao longo das dúas primeiras semanas das clases unha ficha cuberta e cunha fotografía. A non comunicación, non entrega da ficha e/ou non realización das probas previstas para a avaliación continua suporán automaticamente a avaliación única.

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis adecuado para a aprendizaxe da materia.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, computador, teléfonos móbiles ou outros

dispositivos electrónicos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade respecto diso.

A.1) Avaliación continua

Para acollerse á avaliación continua o alumnado deberá realizar o tres probas de avaliación continua, o exame final oral (20% da nota final) e o exame final escrito (50% da nota final), que terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). As probas de avaliación continua son:

- 1) Proba de writing (10% da nota final)
- 2) Proba de reading e listening (10% da nota final)
- 3) Proba de speaking (10% da nota final)

A data e hora do exame final escrito da avaliación continua serán fixadas pola facultade e publicadas na súa páxina web. A data e hora do exame final oral e do resto das probas de avaliación continua serán anunciadas no cronograma da materia e en Faltic.

Para superar a materia será necesario:

1) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media das probas de writing (10%), a proba de reading e listening (10%) e o exame final escrito da avaliación continua (50%).

2) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media da proba de speaking (10%) e o exame final oral (20% da nota final da materia).

Os exames e probas da avaliación continua non realizadas contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación continua.

Para a segunda edición das actas conservaranse as partes aprobadas da materia:

- a) parte escrita da materia (media das probas de writing, a proba de reading e listening e exame final escrito)
- b) parte oral da materia (media da proba de speaking e o exame final oral).

A.2) Avaliación única

O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. A proba única constará das seguintes partes:

1) Exame escrito (70% da nota final da materia), que terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). Para aprobar a materia, no exame escrito será necesaria unha nota mínima de 5.

2) Exame oral (30% da nota final da materia). Para aprobar a materia, no exame oral haberá que obter unha nota mínima de 5.

Os exames de avaliación única non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación única.

A data desta proba de avaliación única da primeira edición das actas será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web.

Para a segunda edición de actas (Xullo) conservaranse as partes aprobadas: exame oral (speaking) ou exame escrito (incluíndo use of English, writing, reading e listening).

B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (Xullo):

O alumnado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición de actas:

1) Exame escrito (70% da nota final da materia), que terá as seguintes partes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (20%), Listening (20%). Para aprobar a materia, no exame escrito será necesaria unha nota mínima de 5.

2) Exame oral (30% da nota final da materia). Para aprobar a materia, no exame oral haberá que ter unha nota mínima de 5. A data desta proba de xullo será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. De non superar a materia en xullo, o/a

alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para datas posteriores.

Os exames da segunda edición das actas non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Rowe, Anne, Fiona & Borein, John D. Smith, **Travel and tourism : standard level**, Cambridge University Press, 2002

De Prada Creo, Elena, **Travel, Leisure and Socializing for Spanish Speakers**, T&T, 2012

